



Bankia, a macroentidade resultante da fusión, e bancarización, de Caja Madrid e outras seis caixas de aforros vai ser rescatada. O FROB podería destinar até 10 mil millóns de euros, de diñeiro público, para apuntalar unha entidade privada que obtivo 309 millóns de euros de beneficios o pasado ano. Si, 10 mil millóns. A mesma cantidade na que o goberno Rajoy cifrou os bestiais recortes que está a piques de perpetrar contra a sanidade e o ensino públicos, no maior ataque da nosa historia contra o Estado do benestar. 'Non hai cartos' xustificaba hai unhas semanas o Presidente español. Habería que precisar; non hai cartos para os servizos públicos pero si para a banca privada. Non os hai para atender as necesidades da maioría, mais hainos a esgalla para apuntalar os gaños dos máis ricos.

Rodrigo Rato dimitiu como conselleiro delegado de Bankia. Mais a súa saída reportaralle unha zumenta indemnización de 1,2 millóns de euros. Será previsiblemente relevado por Jose Ignacio Goirigolzarri, ex-conselleiro delegado do BBVA. Este nomeamento podería ser unha pista importante de que o rescate do FROB é tan só un paso previo para unha maior concentración bancaria no Estado, a través dunha fusión ou absorción cun dos grandes xigantes financeiros.

## Dez mil millóns

Escrito por Xabier P. Igrexas  
Martes, 08 Maio 2012 00:00

---

Por outra banda, os exdirectivos de Nova Caixa Galicia sumarán ao cumpriren os 65 anos unhas xubilacións millonarias. Ás súas descomunais indemnizacións pola prexubilación, investigadas pola fiscalía anticorrupción a instancias da CIG, engadiranse plans de pensións e novas indemnizacións por un importe total de 52 millóns de euros. Este feito resulta especialmente repugnante cando en paralelo a entidade non ofrece ningunha solución para os preto de 100.000 afectadas/os, a meirande parte familias traballadoras, da estafa das participacións preferentes, coas que NCG colocou 1.291 millóns de euros.

Como se ve non é que este saqueo infame non conte coa oposición firme e activa dos gobernos, central e galego. Ao contrario, a súa complicidade é manifesta. Porque cando dicimos que gobernan contra o pobo, afirmamos ao tempo que gobernan a favor do capital. Eis as evidencias.

Non podemos seguir a aturar este saqueo. Nada de falsas 'nacionalizacións' para asegurar beneficios privados. Expropiación pública. Ese é o camiño.

*Máis sobre Xabier P. Igrexas no seu [blogue](#)*